

Apenas hai oito meses que nos deixou. Con ela foise un dos principais referentes do panorama educativo español do século XX. Toda unha vida entregada á pedagogía e á política. No momento do seu pasamento era presidenta do Consello Escolar do Estado. Antes fora membro deste órgano consultivo. Cargos coma os de senadora, deputada socialista no Parlamento de Cataluña e concelleira de Educación no Concello de Barcelona, permitíronlle trasladar parte do seu ideario pedagóxico ao ámbito das decisións políticas. Nalgunha ocasión dixo que a pedagogía lle dera os mellores momentos da súa vida. O certo é que a morte a pillou traballando. Era persoa de firmes conviccións, actitude serena e sensibilidade asentada nunha rica experiencia vital, o que lle concedía unha maneira de comunicar que espertaba confianza e credibilidade. Dous meses antes do seu falecemento compartimos mesa de traballo na Consellería de Educación. Daquela nada facía adiviñar o triste desenlace. Alí fomos testemuñas de como aos 80 anos conservaba unha lucidez e frescura envexables.

Marta Mata, ante todo, mestra

Gena Borrajo
Directora Eduga

Alumna da República

“A boa pedagogía é a que permite que o neno e a nena vivan plenamente na escola”. Esta é unha das ideas que lle dan corpo ao modelo educativo de Marta Mata. “Eu quixera que a escola fose vivencia, o que moitos xa experimentamos nos tempos da República”. “Vivimos tempos nos que

as crenzas son máis firmes, pero menos vividas”.

Escola vivida coma a da súa nenez no *Grup Escola Pere Vila*, na que súa nai, Ànxels Garriga, era mestra. Alí comeza a escolarización aínda non con cinco anos. A felicidade empezaba para ela cada día cando entraba na escola e se dirixía cara a un monumento de

bronze de Pere Vila i Codina, un mozo que fixera fortuna en América, e que dera en doazón para construír escolas, “entre elas, a nosa”. “Arredor había un pequeno estanque á medida dos párvulos, con chorriños de auga, que coñeciamos como *el brollador*. Cando nos agachabamos para beber, escondíanse uns peixiños vermellos debaixo dunha pedra cuberta de veludo verde. Pouco a pouco os peixes volvían saír e nós aprendemos a non espantalos”. De alí a nena Marta ía á clase, pero “xa coa alegría disposta para todo o día”.

“Con seis anos coñezo o cadro máis bonito do mundo”. Refírese á Primavera de Boticelli. Ese curso a mestra chámase Teresa Vila Arrufat e é irmá dun pintor. “Un día a señorita -así lles chamaban daquela ás mestras- propúxonos facer un friso con follas dos plátanos que había no patio. Nunca nos decatamos da enorme variedade de cores que ofrecían as follas no outono”.

“Vivimos tempos nos que as crenzas son máis firmes, pero menos vividas”

A mestra explícalles que coa arte se pode facer todo, e que por iso é tan importante saber da arte e dos artistas. Tamén nese curso aprende a ler poesías e a escribir. “A miña primeira redacción foi un poemiña de catro liñas, sobre a andoriña que se vai, e a follas que cae”.

Un ano despois coñece a primeira biblioteca. “Eu era unha das poucas nenas afortunadas que tiñan libros na casa e que os lía e comentaba cos meus irmáns. Pero alí había moitos máis, e todos ordenados”. Daquela tiñan un horario para ir á biblioteca, unha quenda de mediodía para os nenos, e outra para

a xente maior do barrio pola tarde. Marta consegue camuflarse polas tardes para ir á esquina de lectura infantil e xuvenil. Preto daquel recuncho atópase a sección de Xeografía e Historia e ¿por que non botarlle unha ollada á biografía de Pere Vila i Codina, o persoeiro que lle daba nome á escola ao que ela tanto admiraba? Logo pasa á sección de Literatura. A nena Marta é consciente de que salta a norma ao ir alí fóra do seu horario, pero pícalle a curiosidade. O certo é que “nunca ninguén me denunciou por iso”.

Aos oito anos descobre a boa música con motivo do aniversario de Juan Sebastián Bach. Tamén toma conciencia de que parte das cousas que aprende na escola xa as sabe e que non lle serven de moito. Descobre que “é un mal investimento mercar as táboas de sumar ou multiplicar”, porque as pode facer ela mesma, e decátase de que “a música e as matemáticas se asemellan”. Con nove anos mostra un

Marta Mata na última etapa da súa vida.
(Foto cedida polo Consello Escolar do Estado)





Marta Mata hai dous anos na Universidade de Vigo.
(Foto cedida pola Universidade de Vigo).

interese especial pola historia e o teatro, aínda que a este só asiste como espectadora, porque “a miña nai era moi mirada e eu nunca debín ser moi boa comedianta”.

Anicet Villar foi o seu mestre aos dez anos, unha persoa de saber enciclopédico polo que sempre sentiría unha grande admiración e un profundo afecto. E de aí, ao Instituto Escola promovido pola Institución Libre de Ensinanza, onde cursa o bacharelato. Marta Mata relata como o seu director Joseph Estalella Graells recibe os alumnos para explicarlles “como ían vivir e convivir alí, traballando e xogando, pero sen berrar por respecto aos demais”. Á entrada do centro había dúas gardenias que podían mirar, mesmo ulir, pero nada de cortar as flores nin de estragar as plantas. Neste centro fan teatro, elaboran unha revista e organizan saídas. Coñecen os profesores pola materia que imparten, pero, sobre todo, “polo que lles gusta”. Angeleta Ferrer Sensat, profesora de Historia Natural, ademais desa materia dálles clase de danza e traballos manuais. Outra profesora dirixe as clases de teatro”. E así dispoñían do que hoxe chamamos opcionalidade, mais por iniciativa do propio profesorado.

Ese mesmo ano estala a guerra...

Unha experiencia dura, e peor a posguerra; non tanto pola fame e a supervivencia, como pola mediocridade da vida pública. “As dúas gardenias que había á entrada do Instituto Escola morren, acaba a liberdade e chega a misa por obriga e a disciplina da man dos castigos”.

Marta Mata compartiría moitas veces estes relatos coas persoas que acudían a escoitala. Co seu discurso resulta doado entender a que se refire cando fala da escola vivida.

Escola participativa e laica

A participación é outro dos puntos fortes do seu pensamento. “Nunha institución da categoría da escola deben intervir todos: gobernos e municipios, cidadáns e labregos, mestres e xente nova, pais e nais”. E nese contexto tamén os nenos e as nenas deben aprender a participar, a opinar e a expresarse en todos os códigos posibles. Refírese adoito a Freinet e ao seu modelo de escola cooperativa, á imprenta, ás asembleas de clase e á expresión crítica reflectida en taboleiros nos que os alumnos e as alumnas podían escribir “eu felicitó”, “eu crítico”, “eu propoño”, etc.

Educar na “liberdade de pensamento, de conciencia e de

relixión”. Aínda que se recoñece cristiá, defende sen reservas a escola laica, talvez polo pouso que lle deixa a súa experiencia. Unha “escola do si”, na que os nenos e as nenas teñan a ocasión de desenvolver a súa personalidade de modo amplo, na que se inculque o respecto polos dereitos humanos; se respecten as familias e a súa identidade cultural, se consideren as civilizacións diferentes e se promova a amizade entre todos os pobos. “Para iso -di- cómpre que os rapaces e as rapazas tomen conciencia do eu, do nós, do vós e dos outros”. Cando Mata fala do neno refírese ao ser humano de cero a dezoito anos, momento no que se acada a maioría de idade. Pero “nese momento non se é home ou muller en toda a plenitude, se non se forma parte da humanidade”.

Mestra e formadora de mestres

Entre 1945 e 1965 Marta Mata vive en Saifores, un pequeno lugar do Penedès. Alí exerce como educadora de tempo libre dos nenos e nenas do lugar, ao tempo que coída de súa nai enferma. Por ese motivo estuda por libre Filosofía e Letras. En 1957 licénciase en Pedagogía e incorpora o ideario da Institución Libre de Ensinanza ao seu modelo de escola.

Débase subliñar especialmente a súa influencia na formación do profesorado. En 1965 pon en marcha a, entón clandestina, Escola de Mestres Rosa Sensat, inspirada nos valores educativos da II República, centrados máis na aprendizaxe que na ensinanza, na participación que na doutrina, e na reflexión que nos coñecementos memorísticos. Para este proxecto conta con outros profesionais, como M^a Antonia Canals, Teresa Codina, Jordi Cots, Pere Darder, Enrich Lluch e Anna M^a Roig. Unha das súas actividades máis coñecidas dentro e fóra de Cataluña será a escola de verán, que xogará un papel moi relevante na formación de xeracións de mestres e na aposta por un modelo de escola activa, aberta, catalá e laica.

Na Rosa Sensat Mata especialízase en educación infantil, no ensino das linguas en contacto, na didáctica da lingua escrita e na fonoloxía castelá e catalá. Cos seus argumentos pedagóxicos consegue que en Cataluña se adopte a inmersión lingüística na ensinanza primaria, o que evita un sistema escolar dividido en razón da lingua familiar.

En 1964 viaxa a Israel e visita o *kibbutz* Dvir. Esa experiencia sería o xerme da súa vocación política.

Morta súa nai, herda a casa de Saifores e convértea en referente de encontros pedagóxicos. Cal Matas pasa a ser así un centro comarcal de didáctica para os mestres do Penedès. A partir de 1984 será a sede da Fundación Àngels Garriga i Mata, da que ela será presidenta e na que pasará longas tempadas cando se xubila en 1996.

En Galicia

Marta Mata viaxa moitas veces a Galicia para promover a renovación da escola. Colabora estreitamente coa

“Nunha institución da categoría da escola deben intervir todos: gobernos, municipios, cidadáns...”

Universidade de Vigo con relatorios dirixidos a profesores e estudantes que a escoitan con apego. E, por se alguén está alí e non é por vocación, dilles que ela nunca tivo conciencia de querer ser mestra. Nunha ocasión cando lle preguntan que consello lle daría a un mestre antes de principiar a clase, responde: “que intente recordar o seu paso pola escola. O que lle gustaba, o que necesitaba e o que non aturou... Só así non caerá no mesmo erro”.

Cada vez que vén a Galicia visita a súa amiga, Antía Cal, fundadora e directora do colexio Rosalía de Castro de Vigo, e impulsora da renovación pedagóxica e da galeguización do ensino. Cando lle pedimos a Antía que nos reciba para falar de Marta Mata ábrenos as portas da súa casa e da súa alma. Falamos con ela durante horas. A súa voz crébase cando recorda a morte da amiga e non pode evitar que as bágoas lle atolden a vista. A nova dálle M^a Antonia Canals. Eran case dun tempo, Antía tres anos maior.

Antía cóntanos que entra en relación coa Escola de Verán Rosa Sensat a través dunha carta que chega a Galaxia. Acababa de quedar viúva. Lembra con todo detalle o seu primeiro encontro con esta escola. “Marta recibía os asistentes na porta da clase”. “Ela estaba sempre no sitio preciso, no momento preciso”. “Diríxese a min en catalán e pídemme que eu lle fale en galego.

“Entendémonos así toda a vida”. Cando lle preguntamos se nun principio lle resultou difícil comprender o catalán, responde: “Un pouco polo que sabía de francés, outro pouco pola semellanza co galego e, sobre todo, polo gusto que sentía de estar alí, saín adiante de contado”. Antía recalca o feito de que foi durante 25 anos á escola de verán e que compensou a súa formación grazas a estas viaxes. A partir de aí, trae a Vigo a Marta para que imparta cursos de lectura, matemáticas e expresión corporal. “Sempre quedaba na miña casa”.

Antía acompáñanos ata a porta. Alí despídenos coa mesma cordialidade coa que nos recibira. Temos a impresión de que fixemos unha amiga. Antes de marchar fai un rogo: que sexamos xenerosos con Marta, que lle ofrezamos unha homenaxe xusta. Non sabemos moi ben se quedaremos á altura do que ela agarda. Pero estamos seguros de que somos moitos os galegos que a admirabamos como profesional, e que a carón dela aprendemos a ver a escola doutro xeito, a darlle sentido ao noso traballo. E moitos, tamén, os que a apreciabamos por ser unha extraordinaria persoa.

Agradecementos

Á Universidade de Vigo e á Fundación Àngels Garriga de Mata por poñer a disposición de *Eduga* todos os fondos documentais que fixeron posible a elaboración deste artigo.

Ao Consello Escolar do Estado por proporcionarnos os documentos gráficos necesarios.

E a Antía Cal que nos agasallou co seu testemuño salferindo o texto con miguiñas de tenrura.